

## CONCURSO PARA A SELECCIÓN DE MATERIAIS RIES

### Apartado 1º. Presentación

O contexto social no que nos movemos cambiou nos últimos anos. A nosa sociedade é cada vez máis diversa étnica e culturalmente. Construír un futuro de democracia, baseado no respecto á liberdade e fundamentado nos dereitos humanos, supón traballar desde as institucións educativas todas as capacidades incluídas na competencia social e cidadá. O coñecemento dun mesmo, a aceptación das demais persoas e a autorregulación da conduta en función de ambos os dous parámetros son algúns dos elementos polos que pasa a adquisición das disposicións que conforman a práctica cidadá.

### Apartado 2º. Obxecto.

A finalidade desta convocatoria de selección de materiais educativos, inéditos e elaborados nos últimos cinco anos, é promover e recoñecer as prácticas educativas e a tarefa do profesorado e doutras persoas e institucións na produción de recursos dirixidos ao desenvolvemento da percepción da diversidade cultural como valor e, ao mesmo tempo, ao recoñecemento das actitudes discriminatorias como inxustizas sociais<sup>1</sup>.

### Apartado 3º. Modos de participación.

Poderán participar as persoas físicas (soas ou en equipo), as entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, entidades benéficas, etc.) e os centros de ensino públicos ou privados. Se a autoría corresponde a un equipo, designarase como coordinador/a a unha das persoas que o integran para actuar como interlocutora coa RIES. No caso de que se trate dunha entidade, a súa representación legal asumirá dito papel.

Segundo o material presentado, ofrécense as seguintes modalidades e categorías de participación:

- Modalidade A: Materiais que teñen un formato final impreso (fichas, mapas, imaxes...) que conta con dúas categorías:
  - Categoría Infantil e Primaria
  - Categoría Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)

---

<sup>1</sup> Quedan excluídos desta convocatoria todos os materiais elaborados pola propia Rede RIES.

- Modalidade B: Materiais multimedia que conta con dúas categorías:
  - Categoría Infantil e Primaria
  - Categoría Educación Secundaria Obrigatoria (ESO):

#### **Apartado 4º. Premio.**

- Modalidade A
  - Categoría Infantil e Primaria: 750 €
  - Categoría Educación Secundaria Obrigatoria (ESO): 750 €
- Modalidade B
  - Categoría Infantil e Primaria: 750 €
  - Categoría Educación Secundaria Obrigatoria (ESO): 750 €

#### **Apartado 5º. Documentación.**

Os traballos que opten ao premio deberán presentar, obrigatoriamente a seguinte documentación:

- a) Modalidade A: material didáctico impreso
  - Materiais e recursos que se propoñen. No caso de que estes tivesen soporte en liña, facilitarase a URL correspondente.
  - Breve descrición (formato pdf ou rtf) que servirá para a súa difusión electrónica.
  - Guía didáctica (formato pdf ou rtf) na que se xustifiquen os materiais e recursos que se propoñen de acordo cos obxectivos educativos que se pretenden, os aspectos curriculares nos que se incide, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñen e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención dos medios para aportar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.
- b) Modalidade B: material didáctico multimedia
  - Materiais e recursos que se propoñen.

- Guía didáctica (formato pdf ou rtf) na que se xustifiquen os materiais e recursos que se propoñen de acordo cos obxectivos educativos que se pretenden, os aspectos curriculares nos que se incide, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñen e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención dos medios para aportar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.
  - Manual de uso (formato pdf o rtf) no que se expliquen, con linguaxe apropiada para o nivel do alumnado, as pautas de emprego do material. Cando, por razóns especiais, non se xulgue necesario este documento, deberase razoar a decisión nun documento específico de igual título. Valorarase a presentación de tutoriais.
- c) Poderanse incluír outros materiais complementarios que as/os autoras/es consideren de interese.
- d) Ademais, dependendo do tipo de autoría que presente o material (grupos de docentes/educadoras/es, entidades, centros) as solicitudes incluírán os seguintes documentos:
- Persoas físicas: solicitude de participación con datos do recurso e dos autores (unha por cada membro do equipo, incluído o/a coordinador/a) con autorización, en caso de ser premiado, para que RIES publique o traballo baixo licenza *Creative Commons* tipo «by-nc-sa» (Anexo I).
  - Entidades: solicitude con datos do recurso, da entidade y do/a representante legal, con autorización, en caso de ser premiado, para que RIES publique o traballo baixo licenza *Creative Commons* tipo «by-nc-sa» (Anexo II).
  - Centros docentes: solicitude con datos do recurso; do centro e do director/a e dos/as autores/as (unha por cada profesor/a do equipo incluído o/a coordinador) con autorización, en caso de ser premiado, para que RIES publique o traballo baixo licenza *Creative Commons* tipo «by-nc-sa» (Anexo III).

#### **Apartado 6º. Características dos materiais.**

Os contidos axustaranse á normativa curricular española vixente sobre as ensinanzas seleccionadas polos/as autores/as.

Dado que o obxectivo da RIES ao facer esta convocatoria é difundir os materiais a través de súa web, todos deben cumprir, no momento da súa publicación, o regulamento aprobado polo Real Decreto 1494/2007, de 12 de novembro, sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social. En caso necesario a RIES colaborará cos autores/as premiados para garantir os axeitados niveis de accesibilidade do produto<sup>2</sup>.

Os materiais poderán estar elaborados en castelán ou en galego. **No caso de incluír outra ou outras linguas, por necesidades propias do contido didáctico, deberá incluírse unha versión traducida nunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.** Así mesmo, os materiais presentados non poderán incluír publicidade de empresas, produtos ou servizos comerciais.

Os materiais de tipo multimedia poderán presentarse en soporte dixital, se é o caso (CD, DVD, memoria «flash», etc.). Estarán correctamente etiquetados. Se se trata de materiais de tipo Blog, Wiki, contorna virtual, ou similar, bastará con especificar claramente a dirección URL nos anexos correspondentes.

Cada un dos traballos que se presenten a concurso deberá contar cunha páxina de acceso única, a través da que se organice a navegación polos distintos materiais, recursos e páxinas de que conste. Nela inxerirase o enlace a unha páxina de créditos que incluírá, ademais da autoría do material, a relación de compatibilidade de licenzas mencionadas no Apdo. 8º. a

No caso de que os materiais precisen da instalación de calquera tipo de aplicación ou servizo en modo local ou remoto, só se admitirán aqueles que non dependan de sistemas nin versións propietarias que precisen abonar un canon ou licenza de uso.

Os materiais de tipo multimedia incluírán todas as páxinas e os arquivos necesarios para a correcta execución da súa interactividade, tanto se esta se executa en modo servidor como se se trata de módulos ou aplicacións que actúan en modo cliente.

Será obrigatorio incorporar no recurso todas as aplicacións servidoras necesarias (servidor web, intérprete ou compilador da linguaxe de programación empregada, xestor de bases de datos, plugins, etc.), que serán de licenza libre ou gratuíta.

---

<sup>2</sup> <http://www.boe.es/boe/dias/2007/11/21/pdfs/A47567-47572.pdf>

### **Apartado 7º. Prazo e forma de presentación.**

Prazo de entrega de materiais: do 1 de maio ao 30 de xuño de 2012

Lugar:

- a) Rede de Investigación RIES Facultade de Ciencias da Educación. Despacho 28. Módulo A. Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n. Campus Vida 15782 Santiago de Compostela.
- b) Plataforma: <http://www.rederies.blogspot.com/>

### **Apartado 8º. Aceptación das bases.**

A presentación de traballos implica a aceptación das bases da presente convocatoria.

Os traballos seleccionados comprométense a entregar:

- a) Unha declaración, baixo xuramento ou promesa (de cada un de los membros do equipo ou do representante da entidade) de posuír, como autoras/es, plenos dereitos de divulgación e publicación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre a totalidade dos materiais presentados ao concurso e de que estes non se teñen comercializado.

Os traballos premiados serán publicados e distribuídos por RIES baixo licenza *Creative Commons* tipo «by-nc-sa» da obra orixinal e das posibles obras derivadas, sempre que a súa distribución se faga cunha licenza igual á que regula a obra orixinal. Se o traballo incluía algúns materiais (foto, audio, vídeo, texto, etc.) acollidos a outro tipo de licenza, o traballo incluirá unha páxina web coa relación de ditos elementos e da súa compatibilidade para a posterior difusión<sup>3</sup>.

- b) No caso de que se inclúan imaxes de menores, en aplicación da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, aportarase declaración de posuír as correspondentes autorizacións das familias ou titores legais dos mesmos, debidamente cumprimentadas e asinadas.
- c) Un «documento técnico» en castelán e/ou galego (formato pdf o rtf) onde se especifiquen os pasos a seguir para a instalación e os parámetros de configuración e execución da aplicación desde Internet.

---

<sup>3 3</sup> <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

### **Apartado 9º. Subsanación de documentos.**

O equipo da RIES examinará, nun prazo non superior a sete días, os materiais aportados e en caso de detectar algún defecto comunicarao á persoa que exerza a coordinación. Desde a data de notificación disporase, dun prazo máximo de 10 días para subsanar a falta ou aportar a documentación que se requira.

### **Apartado 10º. Comisión de Selección**

Para o exame e valoración dos materiais presentados constituirase unha comisión de selección, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente/a: Coordinador da Rede RIES ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  - Tres representantes de RIES
  - Un representante do profesorado de Educación Infantil
  - Un representante do profesorado de Educación Primaria
  - Un representante do profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria.

### **Apartado 11º. Criterios de selección.**

1) Relevancia da proposta en relación cos obxectivos da convocatoria do concurso	Ata 20 puntos
2) Posibilidade dos materiais de ser adaptados a diferentes contextos e para atender á diversidade do alumnado.	Ata 20 puntos
3) Claridade da guía didáctica. No caso de presentación de materiais multimedia este criterio tamén será tido en conta para avaliar o manual de uso.	Ata 20 puntos
4) Claridade do deseño, da secuencia de actividades e a coherencia entre estas e os obxectivos propostos.	Ata 10 puntos
5) Claridade dos recursos didácticos incluídos, No caso de presentación de materiais multimedia valoraranse os materiais dixitais creados para o proxecto (blogues, wikis, contornas virtuais, etc).	Ata 20 puntos
6) Capacidade da proposta para potenciar a aprendizaxe baseada na actividade do alumnado e na colaboración dentro da aula e do centro.	Ata 10 puntos

A comisión de selección poderá declarar desertas aquelas categorías nas que os materiais presentados non acaden unha calidade mínima a xuízo da propia comisión.

### **Apartado 12.º Resolución.**

A Comisión referida no apartado 10º. realizará a selección dos traballos acredores a premios. Unha vez resolto, publicarase na páxina Web da RIES.

Os traballos multimedia que non resulten seleccionados serán borrados dos arquivos da páxina do RIES para que os seus autores/as poidan darlles o uso que consideren oportuno.

Os traballos e materiais enviados por correo ou entregados na sede da Rede RIES que non resulten seleccionados poderán ser retirados polos seus autores/as na mesma sede, Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida) da USC.